



**CÁTEDRA UDC
VEGALSA - EROSKI**

Compromiso social
Comunicación
Reputación corporativa

Bases da II Edición do premio Cátedra Vegalsa-Eroski UDC ao mellor Traballo Fin de Mestrado (TFM) en ‘Criterios ASG e Propósito Corporativo’

Contido

CONTEXTO DO PREMIO.....	2
DIRIXIDO A.....	2
DOCUMENTACIÓN E ENVÍO DE SOLICITUDES.....	2
PRAZOS.....	4
PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.....	4
AVALIACIÓN DE CANDIDATURAS FINALISTAS.....	4
XURADO E CRITERIOS.....	4
PREMIO.....	4
PROPIEDAD INTELECTUAL E DEREITOS DE IMAXE.....	5
ACEPTACIÓN DAS BASES.....	5
CONTACTO.....	5



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

1. CONTEXTO DO PREMIO

A Cátedra Vegalsa-Eroski UDC de Compromiso Social, Comunicación e Reputación Corporativa, impulsada polo grupo Vegalsa Eroski e a Universidade da Coruña, ten entre os seus obxectivos fundamentais promover o coñecemento en materia de sustentabilidade e responsabilidade social presente e futura, ligando a actividade organizacional ao beneficio do conxunto da sociedade e da súa contorna.

O propósito corporativo recolle a importancia de que empresas e organizacións xeren un beneficio social e ambiental e non só un retorno económico. O cumprimento con estándares elevados en materia ambiental, social e de transparencia, así como asumir os principios de bo goberno corporativo supón o recoñecemento do camiño do compromiso social cara ás transformacións acordadas na Axenda 2030.

Por iso, a Cátedra Vegalsa-Eroski UDC de Compromiso Social, Comunicación e Reputación Corporativa convoca a

Segunda edición do premio ao mellor Traballo fin de Mestrado (en adiante TFM)

realizado por estudantes que obtivesen un Mestrado nunha universidade galega durante os anos 2022 e 2023, mediante a realización dun TFM nalgunha temática relacionada directamente cos

☑ **‘Criterios ASG (ambientais, sociais e gobernanza) e o propósito corporativo’.**

2. DIRIXIDO A

Poderán optar ao premio todos aqueles/as titulados/as, de calquera nacionalidade, que defenderano seu TFM en calquera das universidades galegas (**Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo**) nos anos 2022 e 2023, obtendo unha cualificación de sobresainete.

3. DOCUMENTACIÓN E ENVÍO DE SOLICITUDES

As persoas interesadas en presentar candidatura ao premio deberán facelo a través do formulario electrónico establecido pola Cátedra ao que se poderá acceder a través das seguintes vías:

- Introducendo no navegador a seguinte url:

<https://www.fundacion.udc.es/curso.asp?id=1808>

- A través dun buscador na web e unha vez no site da Cátedra accederá á sección do menú: INFORMACIÓN / JORNADAS.

- A través da páxina da Fundación Universidade da Coruña (<http://www.fundacion.udc.es/>) na súa sección Proxectos/Iniciativas.

O formulario electrónico requerirá indicación/presentación de:

- Datos de identificación da persona interesada en presentar candidatura.
- Confirmación explícita pola persoa candidata do cumprimento dos seguintes requisitos do premio:
 - Que obtivo o título no prazo indicado nestas bases.
 - Indicar universidade onde cursou a titulación
 - Indicar titulación
 - Indicar numéricamente a calificación obtida polo TFM.
 - Que escribiu o seu TFM nunha lingua oficial da Comunidade Galega ou en inglés.
 - Que en caso de ser gañador entregará un exemplar impreso do TFM para o fondo bibliográfico da Cátedra.
 - Que participará nun acto público da Cátedra para presentar o seu TFM.
- Documentación a achegar (subiranse documentos en pdf dun tamaño máximo de 10Mb):
 - a) Resumo do seu TFM dun máximo de 5 carillas DinA4

Para a elaboración da “Memoria” recoméndase centrarse no aspecto ou contido fundamental do TFM mais orixinal ou diferencial.

Esta resumo deberá incluír necesariamente:

Na portada: os datos de identificación (autoría, título do traballo, titulación).

Recoméndase a seguinte estrutura: Portada-Título; Presentación; Resumo; Resultados e discusión; Conclusións e Referencias.

- b) Curriculum Vitae do solicitante.
- c) Documento xustificativo ter sido estudante nalgún máster dalgunha das tres universidades do SUG (UDC, USC ou UVIGO) (opcional).

Non achegar a documentación solicitada e no detalle solicitado podería ocasionar a desestimación do mérito ou da candidatura total a criterio do Xurado.

O Xurado poderá solicitar a acreditación dos méritos e documentos indicados orixinais, así como indicar a forma de facelo.

4. PRAZOS

4.1. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase coa publicación das presentes bases e finalizará o 31 de decembro de 2023 ás 24:00 h.

4.2. AVALIACIÓN DE CANDIDATURAS FINALISTAS

Durante os meses de xaneiro a marzo de 2024 o Xurado avaliará as solicitudes e seleccionará un máximo de catro candidaturas finalistas ás que se lles requerirá que aporten o traballo completo en formato pdf para tomar a decisión final.

5. XURADO E CRITERIOS

O xurado estará composto polos membros da Comisión de seguimento da Cátedra Vegalsa-Eroski UDC, a Directora da Cátedra Vegalsa-Eroski UDC e tres expertos externos das outras Universidades galegas, así como do ámbito da consultoría.

O xurado establecerá os criterios para avaliar os TFM atendendo, como mínimo, a:

- a. Orixinalidade e relevancia do TFM.
- b. Calidade da identificación da situación partida, argumentación/desenvolvemento e conclusións obtidas.
- c. Presentación do TFM: redacción e presentación do documento, estrutura dos contidos, claridade na exposición.
- d. Publicacións e comunicacións a congresos que poideran xurdir directamente relacionadas co traballo.

Rematado o prazo de envío de solicitudes e revisadas, farase público na páxina web da Cátedra a listaxe das solicitudes admitidas, e de ser o caso, non admitidas, indicando as razóns das posibles exclusións.

As persoas interesadas disporán dun prazo de 7 días hábiles para, de ser o caso, corrixir as deficiencias indicadas, publicándose a continuación a listaxe definitiva.

6. PREMIO

Outorgaranse dous premios:

Un primeiro premio dotado con 1.500 euros para o/a autor/a do TFM. Haberá un segundo premio dotado con 500 euros.

A dotación para esta convocatoria consignarase no orzamento da cátedra. No caso de que o traballo fose levado a cabo por varias persoas, o importe do premio dividirase entre elas a partes iguais, que se ingresaran por transferencia bancaria nas correspondentes contas, coa retención do IRPF que correspondan.

De acordo con o artigo 75.2.c do RIRPF, “están sujetos a retención o ingreso a cuenta los premios que se entreguen como consecuencia de la participación en juegos, concursos, rifas o combinaciones aleatorias, estén o no vinculados a la oferta, promoción o venta de determinados bienes, productos o servicios”. Exceptúanse os premios cuxa base de retención (contía) non exceda de 300 euros (artigo 75.3.f do RIRPF). Para os que superen esa contía a porcentaxe de retención sobre os premios é dun 19%, tal e como dispón o artigo 101.7 da LIRPF, ou do tipo de retención aplicable que proceda en función da relación laboral se esta existe entre quen entrega o premio e quen o recibe. Así no caso de que os premiados manteñan unha relación laboral coa Universidade cualificarase o mesmo como rendemento do traballo e o tipo será o correspondente ao do total de retribucións na Universidade (integrado).

No suposto de premios en especie débese realizar unha retención do 19% ao resultado dun incrementar un 20% o custo de adquisición ou compra do premio para o que o concede.

O fallo do xurado, que será inapelable, farase público e comunicaráse ao gañador/a durante o primeiro cuatrimestre de 2024. O Xurado resérvase o dereito de declarar o premio deserto. Os premios serán únicos e indivisibles, de modo que se exclúe o reparto *ex aequo*.

A entrega dos premios terá lugar nun acto público durante 2024, no que os premiados deberán facer unha presentación pública do TFM premiado. O lugar de entrega do premio será en A Coruña no lugar que a Cátedra determine con suficiente antelación. A non asistencia dos/das premiados/as ao acto suporá a non concesión do premio.

7. PROPIEDAD INTELECTUAL E DEREITOS DE IMAXE

A Cátedra Vegalsa-Eroski UDC recoñece expresamente que os dereitos de propiedade industrial e intelectual derivados de cada traballo optante ao premio corresponden orixinariamente ás persoas candidatas e autoras dos mesmos. Non obstante, recoñécese o dereito da Cátedra de utilizar o nome e imaxe do autor cuxo TFM resulte premiado en cantas entrevistas e actos promocionais que a Cátedra poida organizar para dar publicidade aos premios.

A Cátedra poderá publicar reseñas do contido dos TFM premiados nas publicacións impresas e dixitais da Cátedra e de Vegalsa-Eroski para o cumprimento do seus fins promocionais.

8. ACEPTACIÓN DAS BASES

A presentación dunha candidatura ao premio da Cátedra Vegalsa-Eroski leva consigo a aceptación implícita e íntegra de todas as bases do concurso.

9. CONTACTO

Para calquera dúbida ou consulta, as persoas candidatas poderán dirixila ao Xurado da Cátedra na dirección de correo electrónico: comunicacion@fuac.es.

No site da Cátedra <https://www.fundacion.udc.es/vegalsa-eroski/>, indicado en estas bases, detállanse as formas de contactar coa Cátedra Vegalsa-Eroski UDC.

A Directora da Cátedra Vegalsa-Eroski UDC de Compromiso Social, Comunicación e Reputación Corporativa.